

Maruja Rodríguez Gama

(LÉREZ-1927)

“Pola parte do meu pai eran de dereitas e eu non podo falar mal deles porque eran excelentes persoas, pero había diferenzas: Os da familia da miña nai, os Gama, eran persoas traballadoras, honradas... escravos. Os outros, os do meu pai, eran *niños bien*”.

A historia de Maruja é a historia das dúas Españas. O seu pai, Victoriano Rodríguez Fontela, pertencente a unha familia da Seca, era cívico. A familia da súa nai, Custodia Gama Fernández, que era de Lérez, foi unha das máis perseguidas na cruenta represión que seguiu en Pontevedra ao sanguento golpe de Estado do 36.

Ningún dos dous podía presaxiar que as diferenzas ideolóxicas os levarían a bandos contrarios dunha guerra. Mentres Victoriano ía no camiión cos cívicos, a súa muller agochaba o paradoiro dos seus curmáns. Mentres Victoriano estaba no cuartel, a súa muller acudía a visitar a súa prima Custodia, á que detiveran para obrígala a confesar o paradoiro de seus irmáns.

“Esa familia pasou as de San Quintín... Faustino, Alejandro, Adelina, Custodia e Manuel. O que pasou Custodia polos seus irmáns seino ben porque meu avó era irmán do pai deles e tiñamos moita relación. E o meu pai, Victoriano Rodríguez Fontela, era cívico, de dereitas, dereitas e no entanto toda a vida convivió con



meu avó sen problemas... Eu ía con miña nai, que tamén era moi de esquerdas, ao cuartel dos cívicos, onde estaba o meu pai. Iamos ver a Custodia, que a tiñan alí presa. Cortáronlle o pelo a rape para que dixera onde estaban os seus irmáns, pero nunca dixo nada”.

Os Gama Casalderrey eran fillos de Faustino, o único irmán do avó de Maruja, que se chamaba José. Faustino tivo seis fillos: Faustino, Alejandro, Manuel, Custodia, Adelina e José. Faustino e Alejandro eran militantes do Partido Comunista e directivos en Pontevedra da Federación Cultural Deportivo Obrera de España¹. Tras o golpe de Estado, todos sufriron en maior ou menor medida a represión, sendo Faustino fusilado e os seus irmáns Alejandro e Manuel, encarcerados durante anos.

“Cando foi da manifestación do primeiro de maio do 36, Faustino e a súa moza Estrella ían coa bandeira en primeira fila e cando foi da guerra, a el fusilárono”.

Faustino Gama Casalderrey estivo agochado varios meses pero acabou entregándose ás autoridades porque ameazaron con matar a súa moza. A Estrella Portela, veciña de Salcedo, rapárona e puxéronlle na fronte as siglas de *Uníos Hermanos Proletarios*: UHP.

Conta Maruja que, durante o seu agocho, Tino durmiu moitos días na tumba da súa nai pero a última das noites que viviu pasouna con Estrella, en capela. Pasara tanto tempo no monte, comendo herba ou sen comer, que tiña ata os pés inchados. Fusilárono o 29 de decembro de 1936. Presentárase ao médico Enrique Ballina e ao cura Don Leandro, quizais pensando que poderían salvarlle a vida, pero nin sequera o xulgaron.

“No tempo do Nadal, pouco antes de que o prenderan, escoitouse que había un fuxido pola zona, e eu oía na casa falar de que se sería Tino, de que se estaría intentando achegarse... O meu pai ía no camiión dos cívicos por se podía axudalo pero non houbo nada que facer. Nin sequera Ballina e Don Leandro puideron salvarlo”.

Asasinárono unhas horas despois de se entregar polo que eles chamaban “estar incurso en bando”, un absurdo intento de dar aparencia legal a un asasinato.

“Matábanos na avenida de Buenos Aires e sentíase todo... ratatatata... Miña nai sempre tapaba os oídos”.

Os irmáns de Faustino tamén sufriron as aldraxes fascistas. Sobre **Alejandro Gama Casalderrey** conta o investigador Xosé Álvarez Castro no seu blog “Pontevedra nos anos do medo”, orixe do libro do mesmo nome, que andou fuxido nos montes de Lárez e proximidades xunto a outros compañeiros. Tiñan axuda da veciñanza da parroquia que lle levaba comida e tamén novas dos movementos da Garda Cívica. Posteriormente estivo agochado na casa familiar e Maruja ten

1 Fonte: *Pontevedra nos anos do medo*.



escoitado que tamén conseguiu acubillo durante un tempo na casa dun garda civil.

“Un día que levaban a xente detida no coche, pararon xusto diante do meu avó e un falanxista cantou: ‘*A la bim, a la bam, a la bimbambom, el Magdalena cayó y el Gama se escapó*’, porque acababan de prender a Magdalena, ao que logo mataron. Ao meu avó aquilo doeulle moito porque eran sobriños moi queridos”.

Aínda que en condicións moi precarias, Alejandro Gama resistiu agochado máis de nove anos.

Segundo o expediente estudado por Álvarez Castro, Alejandro Gama presentouse ás autoridades en 1945 e foi condenado a vinte anos de prisión, que logo foron conmutados por tres para terminar sendo indultado. De todos os irmáns, era posiblemente o de perfil máis político e nin todos os anos pasados de “topo” nin a condena de prisión o apartaron da loita antifranquista. Só un ano despois de entregarse, no 1946, acepta o encargo do Partido Comunista de desprazarse á Coruña para reorganizar a estrutura, xunto a outros pontevedreses como Emilio Villar ou Rogelio González. Alejandro Gama Casalderrey, naquel momento xa alcumado *El Viejo*, volve ser detido en xaneiro de 1947 xunto a varios compañeiros. A organización tiña previsto lanzar panfletos contra o réxime durante o partido internacional que o Deportivo da Coruña ía disputar en breve en Riazor e prodúcese unha caída en cadea de varios militantes.

Na comisaría, Alejandro sofre torturas e na madrugada do 24 de xaneiro tírase polo oco das escaleiras. O parte da Casa de Socorro onde foi atendido recolle fortes contusións e derrames nos glúteos, coxas e pernas así como conmoción cerebral.

O fiscal pide para el pena de morte pero é condenado a trinta anos de reclusión, cumprindo máis de trece na prisión central de Burgos. Cando queda libre marcha para o estranxeiro e cos anos volve a Pontevedra e traballa coa súa irmá Custodia que, a pesar do moito que lle roubaron aos seus, logrou co tempo montar un ultramarinos e un posto na Praza de Abastos. É en Pontevedra onde ambos finan, Custodia pasado o centenario e o seu irmán bastante máis cedo:

“Alejandro morreu nos anos setenta. Eu era unha rapaza pero achegueime ao cemiterio. Cando foi do seu enterro non o deixaron entrar pola porta grande da igrexa. Entrou pola parte de atrás e os compañeiros cantáronlle a Internacional”.

Tamén hai moita información sobre **Manuel Gama Casalderrey** en “Pontevedra nos anos do medo”. Conta Álvarez Castro que era moita a súa relevancia no mundo asociativo, sobre todo no sector agrario. Desde moi novo aparece ligado á sociedade de agricultores de Lérez, pioneira en Galicia neste tipo de organizacións, e tamén aparece como un dos fundadores da entidade cultural e recreativa



Juventud Lerezana, aínda que destacou especialmente por ser a “alma mater” da Caja Rural de Lárez, entidade depositaria dos aforros dos agricultores e agricultoras da bisbarra e da federación obreira pontevedresa, que desaparecería a raíz da crise dos anos 30 e da sublevación militar. Aínda que nunca militou no PC, en 1933 resultou elixido concelleiro da candidatura obreiro-agraria, controlada polos comunistas, exercendo de tenente alcalde no Concello de Pontevedra.

Tras o golpe militar, Manolo Gama foi detido e permanece en prisión desde o día 26 de xullo de 1936 ata o 18 de xaneiro de 1938. Sempre grazas ao traballo de Álvarez Catro sabemos que en marzo do 38 volve ser detido, por causa de múltiples denuncias procedentes mesmo de antigos compañeiros seus. O 13 de xullo do 38 celébrase un Consello de Guerra e é condenado a morte, mais a pena foille conmutada en agosto por reclusión perpetua e máis tarde a 12 anos de prisión maior. Enfermo crónico de tuberculose ósea recorre varios cárceres españois ata que, en 1943, pasa a prisión atenuada. Ata a súa morte, en maio de 1950, residiu no Grove.

No caso de Manuel ás penas de cárcere sumouse a represión económica. En outubro de 1937 foille imposta unha multa de 3.000 pesetas e por non facer o pagamento foi condenado a tres meses de arresto. Ademais incautáronse do seu negocio:

“Manolo tiña un ultramarinos por xunto e que maneira de vender... Íalle moi ben pero cando foi do alzamento colléronllo todo e foi a poxa”.

Estando Manolo xa en liberdade viaxou a Pontevedra un tío de Maruja, un irmán da súa nai emigrado en Bos Aires, que tamén se chamaba Manolo Gama. Cando chegou quixo facer unha comida con toda a familia “porque sabe Dios cando hei de volver e quero celebralo cos meus pais”, e entre as persoas convidadas estaba o seu curmán. Estando a comer entrou na casa o cívico que levantara en alto en peso a Magdalena e dixera aquilo de que Gama escapara e produciuse unha situación bastante violenta, que Maruja lembra perfectamente:

“Estando comendo entrou ese home a felicitar ao que viña de fóra e atopouse con Manuel Gama Casalderrey. Quixo darlle a man pero Manuel seguía sentado sen moverse. E o meu tío, que non sabía nada, díxolle ao curmán: ‘E ti? Levántate e dálle a man aí!’ E el, alí co brazo caído. Creo que ao final deulle a man pero con desgana, igual tamén por se algún que estaba alí dicía algo, non sei”.

Nos primeiros tempos, Manuel Gama Casalderrey estivo preso no Lazareto, e alí foron visitalo e levarlle comida Maruja e a súa nai. Non quedaba outra porque a súa irmá Custodia estaba detida, Adelina tiña emigrado, Alejandro estaba agochado e Faustino primeiro fuxido e logo morto².



“Sei que Custodia o pasou mal porque estivo corenta días detida, entre os dous sitios, o cuartel dos cívicos e o cárcere. Ela foi a que levou todo o *mochuelo* para que descubriera os seus irmáns pero dixo que prefería morrer. Despois nunca falou do que pasara naqueles tempos. Nunca tiveron conversas diso con ela, pero sei ben que o pasou moi mal”.

Maruja lembra os días de guerra, os arcos de loureiro que puñan os nacionais cando tomaban un lugar, os paquetes de roupa que os seus tíos lle mandaban da Arxentina porque aquí non había con que mercar, as viaxes ás fronteiras portuguesas de Salvaterra e As Neves ao estraperlo de café, o son dos avións:

“Viñan os avións e eu metíame nunha casa na que había herba seca. Metíame debaixo da herba para non sentilos. E despois, había que comer aquel pan tan duro...”.

A fame da posguerra non se sentiu igual en Lérez, no fogar dos Gama, que na Seca, no dos Rodríguez Fontenla.

“Miña nai ía ás feiras e os meus avós de Lérez eran xente humilde, sen moitos luxos... A miña avoa Orosia levábanos a Campo Lameiro, que eran dezaseis quilómetros, a coller o millo. Viñamos con cinco quilos cada un. Os meus irmáns chegaban ben pero eu viña deslombada. Fun un día só e xa non volvíñ. Os meus irmáns eran comedoriños pero eu era máis repugnante. Dábame a vida cando ía á Seca. Os meus avós paternos eran máis podentes. Tiñan xornaleiros e eran contratistas fortes. Eu ía moito alí”.

Maruja viviu boa parte da súa nenez cos seus avós paternos:

“Tiveron dous netos homes e eu fun a terceira, e como fun nena viñan moito da Seca buscar-me a Lérez para ir alá (...) Eu non era moi sa. Dos catro irmáns fun a máis delicada e ademais debía ser morriñenta porque botaba de menos Lérez cando ía á Seca. Eu tiña un eccema nas orellas, e nos ollos unha enfermidade que me botaban unha pomada amarela nunha barriña de cristal. Caían-me as pestanas e tiña o pelo cortado e curou-me Loureiro Crespo, que era o médico dos meus avós da Seca. Puxéron-me *sanguijuelas*³ e estaba nun berce grande que me fixera o meu avó, que era carpinteiro... Lembro que o teito era de pontóns e eu contaba os pontóns... Nin comía nin nada. Cando estaba alí botaba moito de menos Lérez, era tan morriñenta que me situaba nunha xanela que daba a Lérez e alí caladamente, canto choraba, compañeiro”.

A pesar da morriña, os seus irmáns pensaban que era unha privilexiada porque na Seca tiña o pan que faltaba en Lérez, e en Lérez tratábana con moitos miramentos por estar fóra e doente:

“Os tempos da guerra foron moi duros, saíamos no recreo e íamos á de Salá, un ultramarinos, a comprar *algarroba*⁴ porque non había pan, e era o que comíamos no recreo (...) Os meus irmáns chamában-me a señorita porque cando eu viña a Lérez, a miña avoa sempre me preguntaba: ‘Maruja ti que queres?’ E eles dicían: ‘á señorita todo lle pregunta e a nós nada’. E ela contestáballes: ‘Vós pedides e

3 Samesugas.

4 Ervellaca



comedes de todo e ela nin pide nin come así que hai que lle preguntar o que quere'. A miña avoa era o meu avogado".

Orosia, a avoa materna de Maruja, era moi traballadora pero eran épocas moi duras e os cartos non chegaban, así que a Seca converteuse no lugar ao que acudían os netos cando a fame apertaba:

"A avoa María tiña o pan taxado porque ían todos os netos comer alí. Ela apartaba o pan para a comida pero o meu irmán, que xa empezara a traballar no taller de carpintería que tiñan desde a curva da Seca ata Tafisa, chegaba, subía polos tubos do desaugadoiro, ía onde a miña avoa tiña o pan e comíallo todo. Chegaba a hora de comer e faltaba o pan. O meu avó sempre dicía: 'María, dálle de comer a ese rapaz de Lérez que é bo comedor'. Dicían que tiña a solitaria (...) O meu irmán e máis eu sempre íamos ao posto de pan que tiñan os meus tíos arriba de Pasarón e sempre nos daban un currucho de pan branco, que daquela non había pan branco... Un irmán do meu pai casara cunha filla dos da panadería Blanco e eran os que tiñan o posto".

Outro irmán do pai de Maruja estaba enrolado no "Balears", o buque dos sublevados afundido polos republicanos. Sobrevivió ao naufraxio pero morreu moi novo, con 33 anos, aos dous de sufrir un accidente cando traballaba de electricista, cun cable de alta tensión que o foi tollendo pouco a pouco.

Maruja sente que o golpe de Estado que tanto mancou a súa familia materna, acabou tamén cunha infancia que para ela e os seus irmáns estaba sendo feliz:

"Cando eramos pequenos eran tempos felices. Os meus pais con 24 anos xa tiñan catro fillos. Os outros tres eran moi inquedados pero eu non, eu non era de moito falar. O meu avó dicía que o Tino, o meu irmán, ía ser un comediante, porque daquela estaban Chiripa e máis Bartolo, que eran dous cómicos moi famosos, e un tío meu que viñera de Bueu facía de Bartolo e o meu irmán facía de Chiripa e copiáballe todo. Por iso dicía meu avó que era un comediante. A Chicha, unha trinitilla porque era moi inqueda e a outra lixeira, que aínda hoxe todo o mundo a coñece pola Lixeira... Maruja non, dicía, a Maruja é máis mallada".

Era tan sensata, que a súa nai a deixaba a cargo do seu irmán Tino, que era máis traste:

"Cando eramos rapaces íamos o meu irmán e eu ao colexio a Pontevedra; o meu irmán á casa Barón, onde o parador de Turismo, e eu aos soportais de San Bartolomé, onde o Museo (...) íamos ao colexio no *pueblo* pero a comer, íamos á Seca. Como o meu irmán facía a *ghatada* e non ía ao colexio, miña nai levábao sempre, e cando non podía dicíame: Maruja, leva o teu irmán á escola e non o deixes ata que abran a porta e se meta dentro. E claro, eu esperaba ata que abrían a porta e metíase dentro, e logo ía a correr para a miña escola andando, ía correndo para chegar puntual".

Maruja ten lembranzas agridoceas daqueles días de escola:

"Cando empecei na escola en Pontevedra tiña oito anos e os rapaces ríanse de min porque con oito anos puxéronme en párvulos. Antes estivera na escola en Lérez pero non ía ao compás dos demais, ía máis atrasada (...) Eu era moi



observadora e vía como as miñas compañeiras se burlaban porque falaba o galego, e a quen se burlaba xa non lle falaba, ríanse de min e tiñaas debaixo dun dente. Non obstante, cando fun coas de miña idade era das primeiras e despois, con doce anos, pasáronnos á Normal, ao edificio onde as palmeiras”.

Dos tempos de infancia previos ao golpe militar, Maruja lembra especialmente os xogos e o seu avó materno:

“Cando chegaba a Noiteboa cociamos pan, empanadas, tortas... e o meu avó, para entreternos, collía as piñas mansas, púñaas no forno -que tiñamos un forno de leña que fixera el, que era mestre de canteiros- e as piñas abrían e cos piñóns entretíñanos. Metíanolos nas mans e... *‘tontorontaina bajarandaina, sobre cuantos?’* E nós tiñamos que adiviñar cantos piñóns había. Entretíñanos así e non andabamos por aí correndo. Logo, o día de Reis, como eramos catro irmáns, puñamos un zapato cada un en cada pata do hórreo para os Reis, que non nos dicían quen eran os Reis. E cunha ilusión tremenda. Viñan cantando:

Que viva, que viva, que reine, el verbo encarnado, el rey de los reyes//
esta casa está faiada, faiadiña de papeles,// que viva por moitos anos, o home e
maíla mullere//
cantámoslle aos reis do quiquiriquí, se non nos dan nada, vámonos de aquí.
Viña a xente alegre. Eran tempos felices pero despois veu a guerra e xa ao revés”.

Desa guerra cruenta que partiu a súa familia en dous bandos enfrontados e que supuxo unha cruenta represión para os seus parentes maternos, conta Maruja, como epílogo, un recordo que amosa o fondo da maldade:

“Ao meu pai dixéronlle os compañeiros del, os cívicos: ‘Se teu sogro che estorba, liquidámolo nós’... pero eu non lembro nin unha discusión entre o meu pai e o meu avó materno. Podían falar máis ou menos pero discusión por culpa da política, non”.

De feito, Maruja explica que o matrimonio do seu pai non foi o único que contraveu as ideas da familia da Seca. Tres dos irmáns Rodríguez Fontenla emparentaron na voda con familias de esquerdas: Victoriano cos Gama e as súas irmás cos Iglesias e os Hermida.

“Ademais, cando fun maior souben que o meu pai avisara algún veciño de que ían por el para libralo do paseo e ata axudou a agocharse a un fuxido. Contoumo a filla cando fomos maiores”.



Da represión que sufriron os Gama hai outro importante testemuño, o que fixo a propia Custodia Gama Casalderrey nunha entrevista concedida á investigadora Aurora Marco e recollida nas actas do congreso *A Galiza de Bóveda*:

“Ao meu irmán **Faustino** xa o colleron ao principio. Agachárase na casa dunha tía da súa moza. Detiveron a tía e a nai da moza e el marchou para Verducido, despois foi para a casa dos Vilarriño, que eran uns xornaleiros da casa: ‘Señor Pepe, eu son de Gama, pode darme un anaco de pan?’. Non lle deron nada e os fillos berraron co pai. Marchou para a casa do médico Vallina, estaba alí o seu sobriño Manolo, un canalla. Don Enrique díxolle á criada que lle trouxese un vaso de leite, e o sobriño chamou o cura e a policía. Prendérono e matárono o día 28 de decembro, o día dos inocentes⁵. Faustino coxeaba dunha perna. Era o máis novo dos tres irmáns”.

Respecto a Alejandro, conta Custodia na entrevista de Aurora antes citada, o seguinte:

“**Alejandro**, tan pronto estalou a guerra, marchou con Magdalena para o Castelo, onde nacemos. Unha veciña denunciounos. Enseguida viron polo monte, que lle chamaban o monte das Pías, que viñan por eles. O meu irmán díxolle ao compañeiro: ‘Vamos para a finca que temos en Alba’. Ían cara a alí e, ao chegar a San Vicente, Magdalena montou nun cabalo e prendérono. Meu irmán escapou, pasou a Campañó, volveu pola noite e un señor da Gándara deulle de cear. Volveu ao Castelo pero alí non podía quedar e marchou ao Cimbelo, a outra finca que tiñamos. A leiteira avisounos e funlle levar a comida. De noite baixou e foi para a casa de Edelmiro Lorenzo, que o pasou para Salcedo. De aquí foi para Lárez e alí estivo dez anos escondido na casa, agochado nun falso teito. Bueno, non estivo el só, estiveron dous: o meu irmán Alejandro e o irmán dunha cuñada nosa⁶. Estiveron preto de dez anos. Pola noite saían a unha especie de bufarda que había na casa e alí durmían. Alejandro era do PC. Cando houbo unha amnistía no 1948⁷ saíu pero como había instrucións do exterior, foise á Coruña para montar unha cédula. Collérono e levárono á Comisaría que estaba nun 7º andar. Déronlle tal malleira que se tirou polo oco das escaleiras con tan boa sorte que, como a chaqueta que levaba posta engancho na bóla do pasamán, iso amorteceu o golpe. No baixo había unha Farmacia e chamaron á Cruz Vermella. Iso foi o que o salvou. Chegou a Cruz Vermella no momento de baixar a policía. Xulgárono, pedíronlle pena de morte pero nós movémonos nos consulados de Arxentina e Uruguai e, ao final, quedou en cadea perpetua. Finalmente, estivo trece anos en Burgos”.

Por último, de Manuel Gama Casalderrey, a súa irmá Custodia conta a Aurora Marco que, “(**Manolo**) foi concelleiro de Pontevedra. Estivo seis anos detido, primeiro no cárcere e despois no Lazareto de San Simón. De aquí saíu mal fisicamente porque era unha persoa moi sensible ás enfermidades. Morreu aos 57 anos”.

5 O expediente fixa a morte o 29 de decembro.

6 Conta Maruja que se trataba “do das Candiñas, un irmán da muller de José”, pero non é quen de lembrar o nome.

7 O expediente estudado por Álvarez Castro fixa a viaxe á Coruña no ano 1946.